



CONCELLO DE
SANTIAGO

CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA SELECTIVO DE OPOSICIÓN LIBRE, DE SETE PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUCTOR, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, CORRESPONDENTE ÁS OFERTAS DE EMPREGO 2016-2017.

ANUNCIO DE CONTESTACIÓN ÁS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA AS CUALIFICACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO (TEST COÑECEMENTOS TEMAS 2 E SEGUINTE DA PARTE ESPECÍFICA)

Ante a presentación de alegacións contra o anuncio de cualificación do terceiro exame da convocatoria arriba sinalada, o tribunal cualificador do proceso selectivo adoptou por unanimidade as seguintes decisións:

“Presentan alegacións contra o anuncio de cualificación do terceiro exercicio os opositores:

OSCAR RODRÍGUEZ ORTIZ – Presenta alegacións contra as preguntas 22, 33, 70 e 74 e solicita aclaracións sobre as probas físicas

JAVIER PAZ PAZ – Presenta alegacións contra as preguntas 22 e 70

PAULO GRANDÍO MONTES – Presenta alegacións contra a pregunta 74 e solicita a revisión do seu exame

MANUEL NODAR JIMENEZ – Presenta alegacións contra as preguntas 23, 70 e 74

CÉSAR LÓPEZ SERNA – Solicita a revisión do seu exame

MARIO TAIBO CASTRO – Presenta alegacións contra as preguntas 22 e 29

CLODIO GONZÁLEZ NOYA – Presenta alegacións contra a pregunta 22

BRAIS MAYO GIRAUT – Presenta alegacións contra a pregunta 23 e solicita a vista do seu exame

AGUSTÍN CIVEIRA DOBARRO – Solicita copia dos seus exames mediante correo electrónico

DAVID FERRO LEA – Presenta alegacións contra as preguntas 20, 22, 70 e 74 e solicita a revisión do seu exame por si ten producido algún erro na corrección

JESÚS ASIER VÁZQUEZ SANTOS – Solicita aclaración sobre as probas físicas

JAVIER PRIETO RIVAS – Presenta alegacións sobre as preguntas 28, 41, 42, 70 e 74

Reunido o tribunal adopta as seguintes decisións sobre as reclamacións presentadas:

PRIMEIRO.-

As preguntas reclamadas son as seguintes: 20, 22, 23, 28, 29, 33, 41, 42, 70 e 74

O tribunal acorda **estimar as alegacións relativas ás pregunta 70 e 74 e rexeitar as alegacións relativas ás restantes preguntas.**

Primeiro.- A pregunta 70 di:

“70. Segundo a norma, a resistencia estática dunha corda semiestática tipo A, será de:



CONCELLO DE
SANTIAGO

- a. 1600 kN
- b. 1800 kN
- c. 2000 kN
- d. 2200 kN"**

A alegación é estimada polo que se ANULA a pregunta 70 debendo acudir á 71 de reserva

Motivación: Compróbase que se ten producido un erro tipográfico na transcripción da pregunta no exame; a resposta correcta sería 22kN.

Segundo.- A pregunta 74 di:

"74. O número 47655 é divisible entre:

- a. 3 e 5, pero non entre 9 nin entre 2*
- b. 9 e 5, pero non entre 3 nin entre 2*
- c. 3 e 5, pero non entre 9 nin entre 2*
- d. 2, 3, 5 e 9"*

A alegación é estimada polo que se ANULA a pregunta 74


Motivación: Compróbase que ningunha das respostas alternativas é correcta.

Terceiro.- A pregunta 20 di:

"20. Os centros de transformación son os encargados de reducir a tensión de media, 11 ou 20 Kv, á de consumo, tamén denominada baixa tensión (BT),

- a. sempre en trifásica con 220 V entre fases,*
- b. sempre a monofásica, con 380 V entre fase e neutro.*
- c. en trifásica con 380 V entre fases, ou monofásica, con 220 V entre fase e neutro***
- d. en trifásica con 220 V entre fases, ou monofásica, con 220 V entre fase e neutro"*

Segundo o apartado 4.1. do Regulamento electrotécnico de baixa tensión indica que a efectos de aplicación do citado Regulamento, as instalacións eléctricas de baixa tensión clasifícanse, segundo as tensións nominais que se lles asignen, na forma seguinte:



CONCELLO DE
SANTIAGO

	Corrente alterna (Valor eficaz)	Corrente continua (Valor medio aritmético)
Moi baixa tensión.	$U_n \leq 50V$	$U_n \leq 75V$
Tensión usual.	$50 < U_n \leq 500V$	$75 < U_n \leq 750V$
Tensión especial.	$500 < U_n \leq$ $1000V$	$750 < U_n \leq 1500V$

A alegación é rexeitada. Motivación: Os rangos das respostas da pregunta 20 axústanse aos rangos recollidos no Regulamento, polo que cómpre desestimar a alegación.

Cuarto.- A pregunta 22 di:

“22. Nun apeo, a peza curta de madeira que se dispón horizontalmente acodalando outros elementos de forma que soporta esforzos de compresión, denomínase

a. Anano

b. Zoquete

c. Muletilla

d. Sopanda”

A alegación é rexeitada. Motivación: En primeiro lugar, compre indicar que o Zoquete é unha peza que rixidiza elementos horizontais [Manual de patoloxía da edificación. Departamento de tecnoloxía da Edificación(EUATM) da Universidade Politécnica de Madrid]. Por tanto, é elemento auxiliar para o arriostamento das viguetas nos forxados de madeira; colados de xeito habitual a tercios. Empréganse en forxados isostáticos de madeira, contribuíndo a evitar o emborcamento das mesmas. Por tanto, non resiste esforzos.

Dos elemento que figuran recollidos na pregunta 22, o único que é capaz de resistir esforzos de compresión transmitidos por outros elemento é o "enano".

Por tanto, compre desestimar esta alegación e manter como opción válida a letra A.

Quinto.- A pregunta 23 di:

“23. Segundo o disposto no CTE-DB SI5, intervención de bombeiros:

a . Os edificios cunha altura de evacuación descendente maior que 9 m deben dispor dun espazo de manobra para os bombeiros que cumpra coas condicións do CTE-DB SI5

b. No caso de que o edificio estea equipado con columna seca debe haber acceso para un equipo de bombeo a menos de 14 m de cada punto de conexión a ela.

c. Nas vías de acceso sen saída de máis de 35 m de longo disporase dun espazo suficiente para a manobra dos vehículos do servizo de extinción de incendios.

d. As fachadas dos edificios previstos para ocupación habitual de persoas deben dispor de ocós que permitan o acceso desde o exterior ao persoal do servizo de extinción de incendios.”

A alegación é rexeitada. **Motivación:** A resposta A, que figura como correcta na plantilla de respostas, figura no apartado 1. do 2.1 do DB-SI 5 do CTE:

“1. Los edificios con una altura de evacuación descendente mayor que 9 m deben disponer de un espacio de maniobra para los bomberos...”

A resposta B é incorrecta; serían 18 metros e non, 14 m. [apartado 4 do 2.1 do DB-SI 5 do CTE]

A resposta C sería incorrecta; serían 20 m. e non, 35 m. [apartado 5 do 2.1 do DB-SI 5 do CTE]

A resposta D é incorrecta; só aqueles que teñen unha evacuación descendente de máis de 9 metros deben dispoñer de ocós que permitan o acceso desde o exterior ao persoal do servizo de extinción de incendios [2.1 do DB-SI 5 do CTE]. Por exemplo: un centro de saúde de baixo e un andar non ten que ter este tipo de ocós.

Por tanto, compe desestimar esta alegación e manter como opción válida a letra A.

Sexto.- A pregunta 28 di:

“28. A norma europea EN 1846, sobre vehículos contra incendios e de servizos auxiliares, establece están dentro dos vehículos do Grupo 2, en función da súa principal aplicación :

a. os vehículos urbanos: vehículo a motor normalmente utilizado sobre estruturas de estradas practicableas.

b. os camións con equipo elevador con escala xiratoria ou con plataforma hidráulica (con brazo telescópico).

c. os vehículos rurais: vehículos a motor capaces de utilizar todos os tipos de estradas, así como as superficies pouco accidentadas.

d. os camións contra incendios e salvamento; que á súa vez poden ser: autobombas ou camións contra incendios especiais.”

A alegación é rexeitada. **Motivación:** A pregunta fai referencia ao tipo de vehículo. As respostas A e C están dentro da norma UNE-EN 1846, pero apartado de categorías. A resposta D fala de autobombas e non de camións de bombeo, polo que non se axusta á norma.

A única resposta que se axusta á norma e a resposta B, polo que compre desestimar a alegación.

Sétimo.- A pregunta 29 di:

"29. A norma europea EN 1846 clasifica un camión contra incendio e de salvamento, en función da súa masa, nalgunha das seguintes categorías:

- a. Lixeiro, cando o seu MTC está entre 2 e 4,5 T*
- b. Medio, cando o seu MTC está entre 7,5 e 14 T***
- c. Medio, cando o seu MTC está entre 6,5 e 14 T*
- d. Pesado, cando o seu MTC é maior de 7"*

A alegación é rexeitada. **Motivación:** A Norma Europea 1846-1 introduce unha definición técnica nas súas publicacións de 1998 e 2011.

Clasifica os camións contra incendios segundo a súa MASA; (Lixeiro, Medio e Pesado) CATEGORÍA; (1-Urbano, 2-Rural e 3-Todo Terreo) PRAZAS (Conductor incluído) e OUTRAS ESPECIFICACIÓNS.

A última modificación da norma sobre a masa indica que:

serán lixeiros os que teñen unha MTC entre 3 a 7.5 T, (nos que estarían incluídas as opcións A, C e D)

Medio, de ata 16 (que só cumpre a opción B)

Superior, maior de 16 T.

Por tanto, compre desestimar esta alegación e manter como opción válida a letra B; xa que un vehículo con masa entre 7,5 e 14 T está concluído nesta categoría.

Octavo.- A pregunta 33 di:

"33. Segundo o ADR, son líquidos inflamables, aqueles que posúen un punto de inflamación máximo:

- a. Punto de inflamación máximo de 100°C*
- b. Punto de inflamación máximo de 38°C*
- c. Punto de inflamación máximo de 60°C***
- d. Punto de inflamación inferior a 61°C"*

A alegación é rexeitada. **Motivación:** A resposta D inclúe líquidos que o ADR non cualifica como líquidos inflamables, os comprendidos entre 60° e 61°.



CONCELLO DE
SANTIAGO

O ADR indica que o son líquidos inflamables os que teñan un punto de inflamación máximo de 60 °C, polo que a resposta da plantilla é correcta.

Segundo o ADR o punto de inflamación **máximo** é 60°C (inclusive), e a resposta d), di “Punto de inflamación inferior a 61°C”, que non é o mesmo (entre os 60°C e os 61°C existe a escala decimal habendo 0,9°C entre un punto de inflamación e o outro).

Polo tanto, se o punto de inflamación é maior de 60 °C, xa non se considerará inflamable.

Noveno.- A pregunta 41 di:

“41. A que temperatura alcanza a auga a súa densidade máxima?”

- a. 4,98°C
- b. 4,00°C
- c. 3,98°C**
- d. 0,00°C”

A alegación é rexeitada. **Motivación:** A resposta correcta é a c), toda vez que a densidade da auga varía coa temperatura, de forma que a densidade máxima (1 g/cm³) corresponde á auga líquida a unha temperatura de 3,98°C. Nesta pregunta non nos referimos a un redondeo, xa que se da una resposta exacta.

Baseándonos, por exemplo, no manual “Fundamentos teóricos para bomberos”, que di: *“Analícemos la densidad del agua líquida desde los 0°C y calentándose a la presión de 1 atm. A su temperatura de fusión, la densidad del agua líquida tiene un valor de 999,82 kg/m³ (la del hielo a 0°C es de 917,00 kg/m³) y aumenta conforme se calienta hasta alcanzar su **valor máximo de 1000 kg/m³, 1 t/m³, 1kg/L, o 1 g/cm³, a 3,98 °C.** A partir de esta temperatura la densidad del agua disminuye conforme sigue calentándose alcanzando, por ejemplo, un valor de 988 kg/m³ a 50°C y de 958 kg/m³ a 100°C líquida....”*

Décimo.- A pregunta 42 di:

“42. Que aire consome un bombeiro que inicia o seu traballo cunha ERA a 300 bar, e botella de 6 litros, si salgue aos 38 minutos con 20 bar?”

- a. 1520 litros
- b. 1720 litros
- c. 1680 litros**
- d. Ningunha é correcta”

A alegación é rexeitada. **Motivación:** Para dar resposta á pregunta só cómpre realizar un sinxelo cálculo teórico; en ningún momento se fai mención do ratio de comprensibilidade ou factor de corrección (en cuxo caso sería necesario coñecer as condicións de temperatura para poder determinar o factor de corrección derivado da compresibilidade).



CONCELLO DE
SANTIAGO

Ao carecer o enunciado destes datos para o cálculo do volume real, e comprobando que, ao facer os cálculos de consumo teórico, temos unha resposta acertada, que é a opción c

Se realizamos as operacións de cálculo para saber canto aire consumiu teoricamente o bombeiro:

$$300 \text{ bar} \times 6 \text{ L} = 1800 \text{ L}$$

$$20 \text{ bar} \times 6 \text{ L} = 120 \text{ L}$$

$$1800 \text{ L} - 120 \text{ L} = 1680 \text{ L}$$

Undécimo.- En relación ás alegacións relativas ás aclaración das probas físicas, as bases específicas da convocatoria constan publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 195 de data 13 de outubro de 2017 sen constar interposición de recurso en tempo e forma, polo que son actos firmes e consentidos. No momento actual do procedemento non teñen cabida tales alegacións.

Tras a anulación da pregunta 70 e toda vez que resulta necesario acudir á pregunta de reserva número 71 o Tribunal procede a unha nova corrección dos exames, obténdose as seguintes **calificacións que xa teñen a consideración de definitivas:**

....

	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓNS
1	ALONSO LÓPEZ, ALEJANDRO	5,6
2	BEIRAS BECERRA, ALEJANDRO	3,5
3	CARBALLO CAMIÑO, ALBERTO	3,8
4	CIVEIRA DOBARRO, AGUSTÍN	3,7
5	DANS SÁNCHEZ, IAGO	4,75
6	FERRO LEA, DAVID	5,65
7	GONZÁLEZ NOYA, CLODIO	5,00
8	GRANDÍO MONTES, PAULO	4,20
9	IGLESIAS GARCÍA, IVÁN	4,95
10	IGLESIAS GONDAR, FRANCISCO JESÚS	5,7
11	JIMÉNEZ PANDO, ALEJANDRO	4,15
12	LISTE RE CAREY, JOSÉ DANIEL	3,8
13	LLOVES PRIETO, CARLOS	3,65
14	LÓPEZ SERNA, CÉSAR	4,90
15	LOUREIRO ARES, JORGE	3,65
16	MAYO GIRAUT, BRAIS	4,05
17	MOLEDO FILGUEIRA, ALEJANDRO	4,45



CONCELLO DE
SANTIAGO

18	MORÍN JIMÉNEZ, ANTONIO	3,7
19	NODAR JIMÉNEZ, MANUEL	5,2
20	PAZ PAZ, JAVIER	5,55
21	PIÑEIRO NEIRO, PABLO	5,35
22	PIÑÓN LÓPEZ, JAVIER	3,6
23	RODRÍGUEZ ORTIZ, OSCAR	5,4
24	RODRÍGUEZ REY, JOSE	5,55
25	SEIJAS VIDAL, FAUSTO	4,55
26	TAIBO CASTRO, MARIO	4,75
27	VÁZQUEZ ESPERANTE, IÑAKI	4,1
28	VÁZQUEZ SANTOS, JESÚS ASIER	5,00

Foron cualificados como **non aprobados** todos os aspirantes que tendo realizado esta proba non figuran na precedente relación.

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada ante o/a Concelleiro/a delegado/a de economía, facenda a administración deste Concello no prazo de un mes a contar desde o día seguinte á presente publicación. Comunicase que o prazo de resolución é de tres meses; transcorrido dito prazo sen que recaia resolución poderá entenderse desestimado por silencio. Contra a resolución do recurso de alzada non poderá interpoñerse ningún outro recurso administrativo, salvo o de revisión; todo elo de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da *Lei 39/2015*, de 1 de outubro, da *Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019

A SECRETARIA DO TRIBUNAL

Asdo.: María del Puerto Fontán Rodríguez

